



XOANA E O SAXOFÓN

Adrián Pais Abuín

Andrea Maroñas Bermúdez

PRESENTACIÓN

Este concerto toma como fío condutor un conto no que Xoana, unha escritora de historias, trata de recuperar a inspiración mediante a música; unha idea que revolucionará ao seu pobo e a embarcará nunha especial relación cun neno chamado Celso.

Teremos ao saxofón como figura protagonista. O público poderá coñecer os diferentes tipos de saxofón, así como recoñecer os seus diferentes sons: dende o máis agudo do saxofón soprano ata o máis grave do barítono. O repertorio musical, variado e contrastante, permite achegar e amosar o abano de estilos, sons e emocións que se poden transmitir con este instrumento.

A narración en directo presentará a historia de xeito teatralizado e participativo así como aquelas pasaxes musicalizadas, interpretadas por Celso, protagonista da historia.

A mestura da música e a narración permitirá crear situacións nas que o público interactúe cos protagonistas, tratando de que as nenas e os nenos experimenten situacións musicais, de ritmos e melodías sinxelas.

MÚSICO (SAXOFONISTA)

Adrián Pais Abuín



A vinculación de Adrián Pais co saxofón remóntase a principios dos anos noventa, cando con tan só nove anos empeza a recibir clases no seu Rianxo natal. Finaliza os seus estudos superiores en Palma de Mallorca e despois trasládase a Francia para continuar a súa formación no Conservatorio Rexional de Burdeos, onde ten a oportunidade de traballar en profundidade a música de cámara e a música contemporánea da man de Marie Bernadette Charrier e Hilomi Sakaguchi. De forma paralela profundiza tamén no repertorio clásico orixinal para saxofón co mestre Jean Marie Londeix e recibe consellos de artistas como Rainer Schmidt, Eberhard Feltz, Helena Poggio ou Cibrán Sierra.

Ao longo da súa carreira, Adrián Pais gañou máis dunha decena de premios en concursos nacionais e internacionais, entre os que destacan o obtido no 38º Concurso de Música de Cámara Club Lyceum de Lausanne (Suiza), os recibidos nas edicións 2010 e 2012 no Concurso de Música de Cámara Monserrat Alavedra de Barcelona ou o concedido polo Instituto da Xuventude na categoría de Música Clásica do certamen Creación INJUVE 2012. Membro dos grupos de cámara Art Sound Quartet e [IN]Stables Ensemble, colabora tamén con distintas formacións coas que realizou concertos non só en España, senon tamén en países como Francia, Suiza, Portugal, Estonia, Suecia ou Alemaña. *Capriccio*, editado no 2012 e cunha boa acollida por parte da crítica, é o seu primeiro traballado discográfico con Art Sound Quartet e ofrece un repaso do repertorio para saxofón do clasicismo e romanticismo.

Na actualidade, Adrián Pais combina a súa faceta pedagóxica como invitado a diferentes seminarios e clases maxistras coa creación con compositores e artistas contemporáneos, coa participación en diversos festivais e coa realización de concertos como solista.

NARRADORA

Andrea Maroñas Bermúdez

Graduada en Educación Social con itinerario en Acción Sociocultural e Desenvolvemento Comunitario na Universidade de Santiago de Compostela (USC e na Pontificia Universidade Católica de Valparaíso, Chile (con Convenio Bilateral no curso académico 2011-2012) obtendo, en 2014, o Premio Extraordinario Fin de Carreira.

Realizou na USC o Máster Universitario de Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario e está vinculada ao Grupo de Investigación Pedagogía Social e Educación Ambiental (SEPA-interea), desde abril do ano 2014.

Traballa como contratada FPU (Programa Estatal de Promoción del Talento y su Empleabilidad, Subprograma de Formación del Profesorado Universitario) e cursa os estudos de Doutoramento no Programa de Educación, onde desenvolve a súa Tese titulada: *Os Bancos do Tempo nas políticas comunitarias locais en España: un estudo multicaso en clave pedagóxica e social*. En suma, forma parte de varios proxectos de investigación na Universidade vencellados ás súas liñas de investigación preferentes: os tempos educativos e tempos sociais, as políticas socioeducativas e o desenvolvemento comunitario local; unha traxectoria académica que deriva en diversas publicacións en libros e revistas científicas.

Actualmente, Andrea Maroñas é a Secretaria do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia e cursa estudos de frauta traveseira na Escola Municipal de Brión.



FICHA TÉCNICA

Título	XOANA E O SAXOFÓN
Duración	45 minutos
Audencia	Aberto a todos os públicos. Especialmente pensado para público familiar con nenas e nenos de catro a oito anos de idade.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none">– Desenvolver aprendizaxes significativas ligadas ao eido musical empregando o conto musicado como estratexia didáctica.– Transmitir, mediante o xénero literario do conto e a música, coñecementos básicos sobre o saxofón.– Posibilitar o coñecemento dos diferentes tipos de saxofón e a súa acústica.
Metodoloxía	Concerto didáctico cunha metodoloxía participativa.
Recursos técnicos	Equipo de son e micrófonos.